

Acto de toma de posesión de Azucena Recio, na mesa, de pé, como presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, o pasado 6 de marzo.

A Fiscalía Superior da Galiza vén de elevar á Fiscalía do Supremo unhas dilixencias de investigación preprocesual por presunto delito de prevaricación ante os cambios nos criterios de reparto de casos entre as seccións do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG). Porén, as últimas resolucións da presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG insisten en derivar os casos sobre eólicas da sección terceira á segunda.

Texto Xacobe Ferreiro



Critican que a reordenación do tribunal beneficia á eólica e á Xunta

O TSXG ignora a denuncia na Fiscalía e deriva novos litixios eólicos á sección 2ª

A cuestión eólica continúa marcando a xestión de Azucena Recio como nova presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG). Neste sentido, as súas primeiras decisións estiveron dirixidas a modificar a composición da sección terceira, competente en cuestións eólicas, e posteriormente a derivar os litixios nesta materia á sección segunda da Sala. O pasado dous de xuño, nunha resolución á que tivo acceso *Nós Diario*, Recio adoptou unha decisión neste sentido, no marco dun procedemento no que son partes demandadas a Xunta da Galiza e a empresa madrileña Sinagra Investimen-

ts, que pretende implantar unha instalación eólica nos concellos valdeorreses da Rúa e Vilamartín e en Quiroga. A orde de Recio chegou despois dun escrito remitido o 22 de maio polo presidente da sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, no que argumentaba que "nesta sección terceira véñense resolvendo, con coñecemento da Presidencia da Sala, numerosos litixios fronte a resolucións autonómicas que outorgan autorizacións para construír instalacións de produción, distribución e subministración de enerxía eléctrica, malia que nas demandas se formulen cuestións ambientais". Nesa liña, reclamaba á presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo "que se realice

RECIO ASUME OS CRITERIOS DA XUNTA PARA RESOLVER OS LITIXIOS EÓLICOS

un novo reparto" de casos "por se lle correspondese o seu coñecemento á sección segunda". Recio acordou atribuír o procedemento á sección segunda, negando que se estivesen modificando as normas de reparto de casos aprobadas polo TSXG en 2023. Estas deixan en mans da sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo aqueles litixios de carácter medioambiental, derivando á sección terceira os procedementos en materia industrial. Neste sentido, o TSXG atribuíulle á sección terceiro todas as causas referidas aos proxectos eólicos até abril deste ano, cando o auto desestimatorio da paralización cautelar das autorizacións da liña eléctrica Campelo-Mesón do Vento foi ditado pola sección segunda.

O novo criterio aplicado pola presidencia da Sala racha os antecedentes na materia. A sección terceira Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG resolvera en xaneiro en 2025 contra unha alegación do Goberno galego que pretendía atribuír á sección segunda os litixios eólicos. Neste sentido, o auto concluíu que o citado litixio "non versa sobre unha resolución ditada en materia ambiental, senón sobre a autorización da construción dun parque eólico, é dicir, unha instalación industrial, materia que é propia da industria e innovación tecnolóxica, cuxo coñecemento lle corresponde a esta sección terceira, e non á segunda, de conformidade co disposto no acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superi-



Xunta da Galiza

or de Xustiza da Galiza". Unha resolución como a adoptada o pasado o 2 de xuño, de atribuír á sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo un procedemento relativo a autorizacións de instalación de transporte de enerxía, provocou que a Fiscalía Superior da Galiza abrise dilixencias de investigación preprocesual ante os cambios nos criterios de reparto de casos realizados recentemente no TSXG. Na mesma resolución, a Fiscalía galega deu traslado do proce-

demento á Fiscalía do Tribunal Supremo por ser a instancia competente para investigar as persoas denunciadas, dada a súa condición de aforada, como acontece con Azucena Recio.

Vella demanda da patronal e da Xunta da Galiza

A atribución á sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo dos procedementos eólicos é unha vella demanda da patronal eólica e da Xunta da Galiza, que sempre atopou resistencia no alto

AS NORMAS DE REPARTO DO TSXG DEIXAN OS LITIXIOS INDUSTRIAS NA SECCIÓN TERCEIRA, MAIS AGORA ENVIANSE Á SEGUNDA

tribunal galego até os cambios realizados no pasado mes de marzo. A este respecto, o propio Goberno galego, a través da directora xeral de Enerxías Renovábeis e Cambio Climático, Paula Uría, amosou publicamente a súa satisfacción tras o cambio de sección de procedementos xudiciais precedentes relativos a proxectos eólicos e das súas liñas de evacuación. As fontes xurídicas consultadas por *Nós Diario* conclúen que "este cambio de sección non se sustenta en alteración ningunha previa das normas de reparto de asuntos aprobadas a finais de 2023, entrando abertamente en contradición co rexeitamento previo por parte da sección terceira de inhibirse nas súas competencias a favor da segunda ante as solicitudes formuladas pola Xunta da Galiza e por empresas do sector code-mandadas". Neste punto, lembran a doutrina empregada no seu día polo alto tribunal galego e recalcan os criterios de reparto



Europa Press

O maxistrado Luís Villares.

A doutrina en materia eólica da sección terceira do alto tribunal galego

O TSXG estimou desde 2020 máis de 70 recursos que reclamaban medidas cautelares para proxectos eólicos. Segundo puido saber *Nós Diario*, neste período só houbo discrepancias en tres autos da sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo referidos a cuestións eólicas, presentando nun deles un voto particular unha maxistrada que permanecerá na sección após os traslados forzosos ordenados por Azucena Recio após a súa toma de posesión. Na mesma dirección, unha parte significativa dos autos ditados polo TSXG foron recorridos en casación no Tribunal Supremo, que resolveu na mesma dirección do alto tribunal galego. O TSXG deberá resolver nos próximos meses sobre ducias de causas abertas en materia eólica, ficando a dúbida de se manterá ou mudará a súa doutrina xurídica a este respecto.

de casos seguidos pola súa Sala de Goberno.

Os cambios introducidos na composición da sección terceira atenden á mesma lóxica que as mudanzas nos criterios de reparto dos casos. Así, o 12 de marzo deste ano, só seis días despois da súa toma de posesión como presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, Azucena Recio ordenou o traslado forzoso da sección terceira da maxistrada Dolores López e do maxistrado Luís Villares, en liña coas demandas formuladas con anterioridade por determinados poderes económicos, nomeadamente do lobby eólico, do Goberno galego e de diversos grupos mediáticos, críticos coa doutrina xurisprudencial en materia eólica elaborada por unanimidade polos maxistrados e maxistradas da sección terceira do TSXG. A decisión foi rexeitada desde o ámbito xudicial, político e social, argumentando que a proposta de Recio podería deberse á tentativa de mudar a composición nunha sección encargada de dilucidar sobre procedementos tan sensíbeis como as autorizacións dos parques eólicos ou as suspensións cautelares destes proxectos. A este respecto, a asociación Xuízas e Xuíces para a Democracia asegurou que afastar a López e Villares "afecta directamente a continuidade dos criterios xurisdicionais defendidos e suscita serias dúbidas de que iso non estea na intención da decisión, nunha sección que atendía materias de tanta transcendencia, mediática e social, como son as autorizacións administrativas relativas a parques eólicos en territorio galego".